



**GUADALUPE ÁLVAREZ ÁLVAREZ, XEFA DO SERVIZO DE RELACIÓNS  
LABORAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO,**

**CERTIFICA:**

Que, o pasado 27 de outubro de 2008, ás 21.15 horas, recibíuse unha comunicación vía telefax mediante a que D. Xesús María Pastoriza Santamarina, con DNI 76349199D, en calidade de secretario nacional da FGAMT da CIG, anunciaba unha folga nos centros de traballo de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU, no ámbito de Galicia, de 3,5 horas de duración, durante o venres día 7 de novembro de 2008 (para as xornadas reducidas de duración proporcional ata un máximo de 3,5 horas), indicando, así mesmo, os tramos de duración da folga.

A referida folga foi, así mesmo, comunicada mediante telefax á Consellería de Innovación e Industria no día de hoxe para os efectos do posible establecemento de servizos mínimos como servizo esencial á comunidade.

Santiago de Compostela, vinte e nove de outubro de dous mil oito.

